

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE URXENCIAS SANITARIAS DE CALIDADE Á POBOACIÓN DE CUNTIS

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 11 de xaneiro de 2022

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o pasado 1 de xaneiro, o PAC de Caldas de Reis, que atende as urxencias a partir das tres da tarde dos veciños e veciñas de Cuntis (ademais de Caldas, Portas e Moraña) viu recortada a súa prestación: de contar con dous facultativos/as no centro pasaremos a ter só un/unha, que ademais das urxencias extrahospitalarias que se atenden teñen que facer fronte aos traslados ou asistencia domiciliares que puideran xurdir nunha poboación de máis de 21.000 habitantes. Esta decisión foi tomada en plena expansión de contaxios da sexta vaga da pandemia do coronavirus e poucos meses despois de suprimir o servizo de pediatría no centro de saúde de Cuntis. O recorte de persoal no PAC de Caldas de Reis nin tan sequera foi anunciado debidamente ás autoridades públicas dos municipios afectados. Cómpre manter presente que estamos a falar da estrutura organizativa que permite a prestación dun servizo básico, como é o dereito á saúde, recollido no artigo 43 da Constitución Española. Esta decisión presenta un difícil encaixe precisamente con esta garantía que, textualmente, di o seguinte:

1. *Recoñécese o dereito á protección da saúde.*
2. *Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. A lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.*
3. *Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do lecer.*

Na web da Consellaría de Sanidade atopamos as bases da arquitectura legal que consolida a competencia nesta materia na Xunta de Galicia:

O Sistema Público de Saúde de Galicia actual é froito dos avances sociais consolidados ao longo do século XX e o seu desenvolvemento en Galicia deriva do ordenamento político, establecido na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, en 1978. A previsión constitucional respecto do dereito de toda a cidadanía á protección da saúde, desvincula

progresivamente a asistencia sanitaria e da Seguridade Social, para conferir á atención sanitaria un carácter universal. Así, en 1979 o Instituto Nacional de Previsión da paso ao Instituto Nacional da Saúde, como responsable da xestión e administración dos servizos sanitarios do Sistema de Seguridade Social. E, posteriormente, o dereito á asistencia sanitaria esténdese as persoas sen recursos económicos suficientes. Sen embargo, a primeira reforma no enfoque na asistencia sanitaria non toma forma definitiva ata 1986, ano en que se promulga a Lei Xeral de Sanidade, que configura un novo modelo de organización dos servizos sanitarios: o Sistema Nacional de Saúde. O Sistema Nacional de Saúde fundaméntase no principio de que toda persoa ten dereito á saúde, independentemente da súa situación económica e laboral. O Estado responsabilízase plenamente de garantir este dereito xestionando e financiando a través dos presupostos xerais, un servizo sanitario que integra, ordena e normaliza todas as funcións sanitarias, o cal debe permitir o paso dunha concepción presidida pola enfermidade a unha práctica sanitaria baseada na saúde igual para todos. A Xunta de Galicia recibe en 1980 as primeiras transferencias en materia de sanidade, - saúde pública e sanitarios locais- , e once anos máis tarde as relativas á asistencia sanitaria. En 1991, culmínase o traspaso das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde (Insalud) e con elas os recursos humanos e materiais vinculados ás actividades de asistencia sanitaria, que son asignados ao Servizo Galego de Saúde, creado no ano 1989 como un organismo autónomo adscrito e tutelado pola Consellería de Sanidade. Desde 1991 ata a actualidade, o Sistema Público de Saúde de Galicia foi incorporando cambios na estrutura e organización para adaptarse ás esixencias da cidadanía e o cumprimento de obxectivos en saúde.

As políticas da Xunta de Galicia no que se refire á organización dos recursos, e moi especialmente ás condicións laborais dos e das sanitarias nos últimos anos situaron nunha situación delicada a capacidade para a prestación dun servizo público de calidade. Proba disto son as continuas e intensas mobilizacións que constantemente se producen entre o persoal sanitario a todos os niveis. Do mesmo xeito, podemos comprobar de maneira obxectiva como a situación da Atención Primaria, que debera ser un pilar básico do sistema sanitario, leva meses en situación de colapso. Partindo xa dunha precariedade absoluta, a pandemia do coronavirus non fixo máis que agravar ata o extremo esta solución.

Cuntis non é alleo á degradación permanente do sistema sanitario público. Ademais, as nosas condicións demográficas presentan características propias que fan que este deterioro cause danos aínda máis graves na vida das persoas. Esta decisión de suprimir un facultativo na atención das urxencias imprime unha gravidade extra para moitos veciños e veciñas de moitas aldeas de Cuntis, que teñen o seu hospital de referencia a 50 minutos dos seus domicilios. A posibilidade de non ter servizo de urxencias extrahospitalarias no PAC de Caldas, por mor da presenza dun/ha único/a médico/a, e o tempo de resposta ante unha eventualidade pode ser determinante na vida das persoas. Este non é un escenario ficticio, pois xa se produciu no concello veciño da Estrada: o pasado mes de novembro coñecemos

unha sentenza do Xulgado do Penal número 1 de Pontevedra que sinalaba ao propio Servizo Galego de Saúde como responsable da morte dun paciente no PAC da Estrada por quedar este sen médico durante a tarde do 4 de agosto de 2018. A xestión da sanidade que leva a cabo o Partido Popular na Xunta de Galicia ten xa mortes na súa folla de servizos, e a isto é ao que nos arriscamos coa supresión de máis facultativos nos servizos de urxencias.

Entendemos que non é preciso sumar máis probas para argumentar a negligencia que supón a decisión de manter unicamente un/ha médico/a no Punto de Atención Continuada de Caldas de Reis. Entendemos tamén que é responsabilidade desta Corporación, dos responsables políticos electos/as e moi especialmente do Grupo de Goberno do Concello de Cuntis manifestar a disconformidade cunha decisión que xera graves prexuízos entre a poboación cuntiense e que mesmo podería chegar a ter consecuencias fatais. Entendemos que é responsabilidade desta Corporación, e moi especialmente do Grupo de Goberno do Concello de Cuntis esixir a reposición inmediata do servizo de urxencias extrahospitalarias coas máximas garantías para a poboación do noso municipio.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

3

1. Manifestar publicamente o rexeitamento da decisión de suprimir un facultativo na prestación do servizo de urxencias do PAC de Caldas de Reis e considerala unha negligencia que atenta contra o dereito constitucional da protección da saúde (art.43).
2. Instar ao Goberno Municipal de Cuntis, en nome do conxunto da Corporación e en virtude da aprobación da presente moción, a esixir a reposición inmediata do/a segundo/a facultativo/a no PAC de Caldas de Reis, como mínimo nas condicións nas que viña sendo ata o pasado 31 de decembro.
3. Trasladar estes acordos á Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra – Salnés, ao titular da Consellaría de Sanidade e á Presidencia da Xunta de Galicia.

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López